


Ara Solis: o valor da pedra nas culturas

A pedra é o que pervive, a expresión máis esencial e íntima da terra, ela acolle tódolos soños do mundo, tódolos misterios, pero hai lugares nos que a pedra ten ademais un valor especial, a medida do que é humano. Non é só o poder evocador do labirinto granítico do Pindo, nin as lendas convertidas en rocha e batidas polo vento nordés, que fai cabalgar as ondas nas Loibeiras, toda a comarca comprendida entre Noia e Fisterra é expresión harmónica de pedra. Rochas tinxidas de sangue cando o solpor, petroglifos que transmiten o ecoar doutros soños, valados coma a sombriza formación dun exército encantado, cabeceiros de pé basto e antigo, muíños, aras e pombais, campas e casas, pías e silencios de auga, confor-

mando entre todos unha paisaxe feita á medida do home.

De todo isto faláron Rocío Santa Cruz, Jacqueline Ricard e Francisco X. Fernández Naval o pasado verán, transitando os camiños de Dumbría, Muros e Carnota, bañados polo reflectir do sol cando o crepúsculo. Xuntos traballaron no libro *Ara Solis*, presentado no SAGA –Salón de l'edition d'art à tirage limité– de París deste mesmo ano. Fernández Naval escribiu un texto que pretende recoller algúns dos elementos esenciais da nosa cultura da pedra, universalizándoos a través do valor que a pedra ten en todas as culturas. “Só a pedra podía acolle-la palabra dos deuses”. Jacqueline Ricard compuxo o gravado no que se observan elemen-

tos esenciais do noso patrimonio. Deulle forma ó conxunto cun fermoso traballo de encadernación Rocío Santa Cruz, coruñesa afincada desde hai anos en París. A impresión foi obra de Michel Caine, quen no seu taller da rúa da Creixa, conseguiu unha atractiva composición de cada unha das páxinas, combinando as versións galega e francesa do texto e xogando con tipos de letra diferentes. A edición, que consta de 35 exemplares para a venda, correspondeu a Raíña Lupa, asociación franco-galega, que como consecuencia daquel encontro de hai un ano nas ladeiras do Pindo, pretende realizar proxectos de colaboración entre creadores dos dous países, (gravadores, escritores e encadernadores), que estean interesa-



Fernández Naval

dos na edición de libros de artista.